

Co lema “**SEN SAÚDE NON SE AVANZA**”, a Asociación Pola Defensa da Ría, a Asociación de Pais e Nais “Pardo Bazán” de Pontevedra, os Colectivos de afectados pola Contaminación electromagnética de Pontevedra, Vilaboa e Moraña, e a Federación de Federación AA.VV. “Castelao” de Pontevedra, xunto co resto dos grupos pertencentes á “Coordinadora Provincial contra a Contaminación Electromagnética de Pontevedra”, veñen de presentar alegacións ao chamado [Plan Avanza \(na súa versión 2010-2012\)](#) do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. O documento base de dito Plan Avanza expónse ampliar o desenvolvemento das novas tecnoloxías e da chamada sociedade da información.

As alegacións presentadas pola “Coordinadora Provincial contra a Contaminación electromagnética de Pontevedra”, ao igual que as presentadas por colectivos veciñais, ecoloxistas, de afectados e de pais e nais doutras localidades do estado español, consideran que cando o Plan Avanza apela a conceptos como: *Calidade dun servizo, seguridade, calidade de vida, desenvolvemento sostible e aforro enerxético, participación cidadá*, esquece que estas palabras son baleiras e carentes de sentido senón atende e ten conta:

- **A crecente preocupación e mobilización cidadán polos riscos potenciais das tecnoloxías inalámbricas** especialmente as referidas a radiofrecuencias e baseándonos nos resultados das investigacións máis recentes, a revisión das mesmas por parte de expertos en medicina e saúde pública de prestixio internacional, e as manifestacións públicas de preocupación por profesionais da saúde a nivel mundial (resultados do proxecto [REFLEX](#), [BIOINITIATIVE REPORT](#), [INTERPHONE](#), [Declaración de París](#) e [Resolución de Londres](#))

- E as recomendacións da [Axencia Europea de Medio Ambiente](#), e das [Resolucións do Parlamento Europeo de 4 de setembro de 2008](#), e [de 2 de abril de 2009](#) (sobre as consideracións sanitarias relacionadas cos campos electromagnéticos)

*** Entre as numerosas actuacións propostas nas alegacións inclúense as seguintes:**

- Potenciar a implantación de redes con fíos, para o acceso a Internet especialmente en centros educativos (maior vulnerabilidade a riscos potenciais), xa proposto polo [Ministerio Federal Alemán de Medio Ambiente en 2007](#)
- Programa de sensibilización sobre os riscos para a saúde, e promoción de boas prácticas no teléfonos móbiles e outros dispositivos inalámbricos, especialmente destinado a menores ([Resolución do Parlamento Europeo de 2 de abril de 2009](#))
- Accións tendentes a impedir a intromisión interferencia dos intereses privados no dereito fundamental á saúde, promovendo e garantindo investigacións independentes sobre os efectos das novas tecnoloxías inalámbricas na saúde. ([Resolución do Parlamento Europeo de 2 de abril de 2009](#))
- Derrogación do actual RD 1066/2001 xa que non protexe a saúde da poboación pois só ten en conta os efectos térmicos das microondas e non os efectos non térmicos ou biolóxicos das mesmas. ([Resolución do Parlamento Europeo de 4 de setembro de 2008](#) e [Axencia Europea de Medio Ambiente](#))
- Desenvolvemento dunha nova normativa onde tégase en conta os miles de estudos realizados por científicos independentes de recoñecido prestixio nacional e internacional, recollidos no informe [BIOINITIATIVE REPORT](#), recollidos nas [Resolucións do Parlamento Europeo](#) mencionadas e na declaración da [Axencia Europea de Medio Ambiente](#).

En conclusión, dende a Coordinadora Provincial contra a Contaminación Electromagnética de Pontevedra demándase que o Plan Avanza, do Ministerio de Industria, inclúa como obxectivo principal o de reducir os riscos para a saúde xerados pola contaminación electromagnética das infraestruturas das novas tecnoloxías baseadas no uso de radiofrecuencias. Entendendo como imprescindible a relación directa entre a preservación dun dereito fundamental como a saúde e os obxectivos de calidade, integración social, mellora de calidade de vida e mellora de servizos.